

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



ANUNCIO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

Asunto: Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para a execución de planeamento: obtención de viario na rúa Emilio González López. *Información pública.*

Expediente: 2024/U040/000003

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria que tivo lugar o 30 de decembro de 2024, acordou aprobar inicialmente o proxecto de expropiación forzosa para a obtención dos terreos necesarios para a regularización do sistema viario na rúa Emilio González López de conformidade coas aliñacións establecidas no Plan xeral de ordenación municipal, polo procedemento de taxación conxunta, segundo o documento redactado pola entidade Estudio Técnico Gallego, S.A. e asinado polo arquitecto Isidro López Yáñez (colexiado nº 2261 COAG), presentado en data 04/10/2024 (registro de entrada núm. 202499900005647) no que se inclúe a delimitación territorial do ámbito, a descrición de bens e dereitos e titulares afectados, a fixación de prezos e as follas de xustiprezo individualizadas.

Polo que se somete a información pública, por un prazo de un (1) mes, para que as persoas que se consideren interesadas formulen as observacións e reclamacións que estimen convenientes, en particular no relativo á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

Así mesmo, requíreselle aos titulares dos bens e dereitos afectados para que acheguen os títulos que os acrediten como propietarios dos mesmos. Advérteselles que este anuncio serve de notificación no caso de que estes sexan descoñecidos ou se descoñeza o seu enderezo, segundo o previsto no artigo 44 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A relación de bens e dereitos afectados polo expediente expropiatorio é a seguinte:

Finca	Referencia catastral	Titular	Superficie Total (m ²)	Superficie Afectada (m ²)	Clasificación urbanística	Situación básica do solo	Outros bens afectados	
							Ud	Descrición
1	5541216NH2854S0001BF	Jesús Rodríguez Carballo	407	271	Solo urbano consolidado-ordenanza zonal 2	Urbanizado		
2	5541215NH2854S0001AF	Jesús Rodríguez Carballo	417	258	Solo urbano consolidado-ordenanza zonal 2	Urbanizado		
3	5540901NH2854S0001RF	Manuel Varela Ponte	759	94	Solo urbano consolidado-ordenanza zonal 2	Urbanizado	84	M ² muro de bloque
							1	M ³ formigón columna
							1	Ud traslado de portal (chapa 3,60 x 4,50 m)
							1	Ud edificación 36 m ² (estrutura de formigón cuberta de fibrocemento)
36	M ² soleira formigón							

O documento estará a disposición dos interesados na Oficina Técnica Municipal en horario de 10.00 h ás 13.00 h e neste taboleiro.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Carballo, 14 de xaneiro de 2025

A primeira tenente de alcalde (P.D.: Decreto nº 53/2025 do 10/01/2025)
María Belén Lendoiro Esmorís